

2.2. Políticas activas de emprego

O OBXECTIVO DESTE CAPÍTULO É ANALIZAR DISTINTAS ACCIÓNS DAS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO, QUE SE PODEN agrupar en dous grandes categorías: as relativas aos programas de formación e as dirixidas ao fomento e xestión do emprego. Entre as primeiras, están as accións formativas tanto de carácter ocupacional, dirixidas ás persoas desempregadas, coma as de formación continua, centradas nos traballadores ocupados. Entre as segundas atópanse, entre outras, as accións de información e orientación para desempregados ou as medidas de promoción de emprego, que teñen coma obxectivo á mellora da empregabilidade dos traballadores desempregados, especialmente daqueles que pertencen aos colectivos que acceden ao mercado laboral con máis dificultade.

Ao longo do ano 2007 aprobáronse distintas normas que inciden nos distintos instrumentos das políticas activas de emprego. En canto ao subsistema de formación profesional para o emprego cómpre salientar a importancia do Real Decreto 395/2007, de 23 de marzo, que aborda a integración nun único subsistema de todas as iniciativas de formación ocupacional, formación continua e formación en alternancia co emprego. Instaura un marco formativo común para empregados e desempregados, rompendo a división entre a formación ocupacional e a continua.

O seu obxectivo é adaptar a formación profesional para facela axeitada ás necesidades de produtividade e competitividade das empresas no novo escenario global e para potenciar a empregabilidade dos traballadores.

No concernente ás accións dirixidas ao fomento e xestión do emprego cómpre salientar, entre outras, a aprobación da Lei estatal 44/2007, para la Regulación del régimen de las empresas de inserción, que da cumprimento ao mandato recollido na Lei estatal 43/2006 en relación ao impulso á contratación de traballadores en risco de exclusión, e da Lei Orgánica 3/2007, para la Igualdad efectiva de mujeres y hombres, que tamén sinala algunhas actuacións en materia de emprego.

Accións formativas das empresas e permisos individuais de formación en Galicia 2007:
Formación de demanda

	Traballadores participantes	Horas de formación	Empresas participantes
Tamaño medio das empresas			
De 1 a 5 asalariados	6.648	381.512	5.266
De 6 a 9 asalariados	2.773	148.196	1.560
De 10 a 49 asalariados	14.033	570.546	3.035
De 50 a 99 asalariados	6.325	227.253	521
De 100 a 249 asalariados	7.583	254.480	272
De 250 a 499 asalariados	5.535	153.320	85
De 500 a 999 asalariados	4.622	114.818	20
De 1.000 a 4.999 asalariados	15.846	362.930	23
Mais de 4.999 asalariados	12.872	238.045	2
Sin datos	8	547	
Categoría profesional			
Directivo	2.757	105.807	
Mando Intermedio	7.327	241.433	
Técnico	13.789	469.330	
Traballador Cualificado	34.510	1.162.420	
Traballador non Cualificado	17.856	472.444	
Área funcional			
Administración	12.537	554.056	
Comercial	16.503	361.714	
Dirección	2.131	94.504	
Mantemento	5.311	159.086	
Producción	39.757	1.282.074	
Sectores de actividade			
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	1.193	29.506	
Industria manufacturera	9.403	305.874	
Industria do metal	7.939	296.017	
Industrias extractivas	354	26.936	
Construción	8.569	434.781	
Comercio	11.432	329.481	
Hostalaría	1.828	61.504	
Educación	3.638	79.503	
Intermediación Financeira	6.830	137.109	
Produc. e distribuc. enerxía eléctrica, gas e auga	1.154	24.455	
Transportes, almacenamento e comunicacións	5.161	157.706	
Outros sectores	16.885	471.188	
Outros	1.859	97.050	
Total	76.245	2.451.647	10.798

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

2.2.1.

Formación profesional para o emprego

Trala aprobación do devandito RD 395/2007, de 23 de marzo, o sistema de formación profesional para o emprego artículase en catro tipos de iniciativa: a formación de demanda, a formación de oferta, a formación en alternancia e as medias de apoio e acompañamento á formación.

Ao longo do ano 2007 un total de 10.798 empresas bonificáronse polo sistema de **formación de demanda**, sendo maioritariamente as pequenas e medianas empresas (menos de 50 asalariados) as que se acolleron a este subsistema de formación profesional para o emprego. O número de persoas que participaron nesta formación ascendeu a 76.245 (57,2% son homes), realizándose un total de 2.451.647 horas de formación.

Atendendo á distribución segundo categorías profesionais, os datos do **cadro 2.1.1.** reflicten que o maior número de participantes formados son traballadores cualificados, seguido dos traballadores non cualificados, mentres que as áreas funcionais de pertenza son maioritariamente as de produción, comercial e administración. Respecto aos sectores de actividade das empresas, as máis importantes en termos de participantes formados son os correspondentes a "outros servizos", comercio, industria manufacturera, construción e industria do metal.

En canto á **formación de oferta**, o total de traballadores participantes ascendeu a 55.856 persoas e o número de horas de formación dos contratos programa de ámbito estatal realizadas, a 3.783.503. O 70% dos participantes está entre as categorías de cualificados e non cualificados, e un 53% dos participantes pertence ao sector da produción. En relación ao réxime de aseguramento de procedencia dos participantes, o **cadro 2.2.2.**

Formación de oferta en Galicia 2007

	Traballadores participantes	Horas de formación
Categoría profesional		
Directivo	9.367	594.619
Mando Intermedio	2.150	205.962
Técnico	5.076	469.964
Traballador Cualificado	17.900	1.206.467
Traballador non Cualificado	21.363	1.306.491
Área funcional		
Administración	6.504	617.321
Comercial	7.663	556.041
Dirección	9.546	612.938
Mantemento	2.407	158.192
Producción	29.736	1.839.011
Sectores de actividade		
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	4.749	267.343
Industria Manufactureira (agás Metal)	6.847	576.061
Industrias do Metal	4.832	272.170
Industrias Extractivas	181	14.379
Produc. e distribuc. enerxía eléctrica, gas e auga	315	37.354
Construción	2.071	202.077
Comercio	10.824	761.266
Hostalaría	4.872	290.981
Educación	2.906	140.747
Intermediación Financeira	824	64.091
Transportes, almacenamento e comunicacións	1.425	121.622
Outros servizos	5.332	426.122
Non asignado a unha C.P.S.	10.678	609.290
Total	55.856	3.783.503

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

2.2.2.

Formación profesional ocupacional 2006-07: cursos, presupostos e alumnos

	2006			2007		
	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos
FIP (agás compromisos de contratación)	1.395	52.437,8	20.925	1.029	56.782,9	15.435
Compromisos de contratación FIP	171	1.475,0	2.565	272	2.716,1	4.054
FIP medios propios	193	8.279,0	2.895	189	10.497,7	2.835
Plan autonómico de formación de formadores	22	478,0	330	19	495,5	356
Total	1.781	62.669,8	26.715	1.509	70.492,1	22.680

Fonte: Consellería de Traballo

2.2.3.

reflicte que neste tipo de formación é maioritariamente do réxime xeral, seguido polo do réxime xeral de traballadores autónomos.

No que atinxe á **formación en alternancia co emprego**, que remite a aqueles supostos nos que se permite compatibilizar a formación coa práctica profesional, nos 1.509 cursos desenvolvidos ao longo do exercicio 2007 participaron un total de 22.680 alumnos, ascendendo o seu presuposto a 70,5 millóns de euros. Ao igual que o acontecido no exercicio de 2006, descende o número de cursos e alumnos e medra o orzamento total dirixido a estes programas.

No que aos cursos FIP (agás compromisos de contratación) se refire, ao longo do ano 2007 programáronse un total de 1.029 cursos, dos que 343 corresponden ás programacións pluriprovinciais e 686 a cursos de programación provincial. O orzamento total destes cursos, aos que asistiron un total de 15.435 alumnos, ascendeu a 56,8 millóns de euros. Comparado co acontecido no exercicio anterior, no último ano rexístrase un descenso do número de cursos e alumnos, mentres que medra o presuposto.

As principais accións formativas corresponden ás actividades de “transporte e mantemento de vehículos” e “administración e xestión”, que acollen en conxunto máis do

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Plan FIP 2007: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en €)
Actividades Físicas e Deportivas	3	45	81.000,33
Administración e Xestión	199	2.980	11.239.566,34
Agraria	33	490	1.677.099,21
Artes e Artesanías	5	75	368.035,59
Artes Gráficas	24	360	1.328.435,63
Comercio e Marketing	78	1.170	2.706.714,91
Edificación e Obra Civil	114	1.710	8.016.473,43
Electricidade e Electrónica	47	705	3.345.796,71
Enerxía e Auga	12	180	594.423,28
Fabricación Mecánica	52	777	4.610.393,61
Formación Complementaria	4	60	20.437,80
Hostelería e Turismo	54	810	3.802.486,72
Imaxe e Son	11	160	797.224,47
Imaxe Persoal	23	330	1.436.240,48
Industrias Alimentarias	13	195	814.829,63
Informática e Comunicacions	176	2.640	6.977.545,84
Instalación e Mantemento	19	285	1.569.501,86
Madeira, Moble e Corcho	44	656	2.963.109,38
Química	4	60	0,00
Sanidade	68	1.020	3.122.275,74
Seguridade e Medioambiente	7	106	355.263,52
Servizos Socioculturais e a Comunidade	145	2.246	5.154.990,76
Téxtil, Confección e Pel	12	180	730.897,22
Transporte e Mantemento de Vehículos	362	5.440	8.779.374,99
Total	1.509	22.680	70.492.117,45

Fonte: Consellería de Traballo

2.2.4.

Cursos con compromiso de contratación 2006-07

	2006			2007		
	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	7	110	114.494	17	250	487.666
Lugo	4	50	178.667	5	63	665.953
Ourense	16	228	409.555	17	238	665.953
Pontevedra	144	2.177	772.283	233	3.503	1.294.865
Total	171	2.565	1.474.999	272	4.054	3.114.436

Fonte: Consellería de Traballo

2.2.5.

Cursos con compromiso de contratación 2007: distribución sectorial

Familia	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)
Administración e Xestión	3	40	107.052,7
Agraria	1	10	24.181,2
Comercio e Marketing	13	195	250.913,6
Fabricación Mecánica	1	12	43.777,3
Imaxe e Son	1	10	106.760,9
Imaxe Persoal	3	30	194.616,7
Industrias Alimentarias	1	15	19.827,8
Informática e Comunicacions	2	30	75.484,4
Madeira, Moble e Corcho	1	11	41.459,2
Sanidade	4	60	111.393,4
Seguridade e Medioambiente	4	61	168.741,4
Téxtil, Confección e Pel	2	30	91.620,1
Transporte e Mantemento de Vehículos	236	3.550	1.480.250,3
Total	272	4.054	2.716.079

Fonte: Consellería de Traballo

2.2.6.

Programación con medios propios (1) 2006-07

	2006			2007		
	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	74	1.110	2.898.435	85	1.275	4.698.265,95
Lugo	44	660	1.646.406	45	675	2.506.070,97
Ourense	50	750	2.587.980	35	525	1.693.893,36
Pontevedra	25	375	1.146.134	24	360	1.599.453,90
Total	193	2.895	8.278.955	189	2.835	10.497.684,18

(1) cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia
Fonte: Consellería de Traballo

2.2.7.

Programación con medios propios 2007: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Presuposto (en €)
Administración e Xestión	3	45	148.529
Agraria	14	210	756.695
Artes e Artesanías	1	15	71.097
Artes Gráficas	4	60	165.348
Comercio e Marketing	1	15	16.398
Edificación e Obra Civil	17	255	1.072.187
Electricidade e Electrónica	11	165	829.709
Enerxía e Auga	3	45	141.638
Fabricación Mecánica	21	315	1.991.577
Formación Complementaria	4	60	20.438
Hostelería e Turismo	13	195	894.586
Industrias Alimentarias	1	15	27.324
Informática e Comunicacions	13	195	437.873
Instalación e Mantemento	12	180	754.830
Madeira, Moble e Corcho	13	195	858.652
Sanidade	10	150	412.529
Servizos Socioculturais e á Comunidade	34	510	1.143.028
Téxtil, Confección e Pel	2	30	79.217
Transporte e Mantemento de Vehículos	12	180	676.028
Total	189	2.835	10.497.684

Fonte: Consellería de Traballo

2.2.8.

trinta e cinco por cento dos cursos e alumnos e abrangue case o trinta por cento do presupuesto.

Aos 272 cursos de formación con compromiso de contratación programados no exercicio 2007 asistiron un total de 4.054 alumnos, ascendendo o seu orzamento a 2.716,1 miles de euros. Comparado co ano anterior cómpre salientar novamente o considerable incremento do número de cursos programados, que para 2006 foran 171 (2.565 alumnos). O **cadro 2.2.6.** reflicte a importancia relativa do subsector “transporte e mantemento de vehículos”, que acolle en torno ao oitenta e sete por cento dos cursos e alumnos e o cincuenta e cinco por cento do orzamento total programado.

Con cargo ao presuposto do Plan FIP, impartíronse un total de 189 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 10,5 millóns de euros. Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, dos datos do **cadro 2.2.8.** despréndese que as dúas actividades máis importantes, as de servizos socioculturais e á comunidade e a de fabricación mecánica, concentran case o trinta por cento dos cursos, alumnos e presuposto.

Ao longo do exercicio de 2007, no ámbito do Plan autonómico de formación de formadores, programáronse 19 cursos de formador ocupacional (3 menos que no exercicio anterior), aos que asistiron un total de 356 alumnos (26 máis que en 2006). O orzamento total do último exercicio ascendeu ata os 495.472 euros (478.000 no curso precedente).

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Finalmente, o devandito RD 395/2007 contempla unha serie de medidas dirixidas a fomentar e incentivar o desenvolvemento de actividades complementarias e de apoio á formación.

Promoción de emprego

En canto aos distintos programas de incentivos dirixidos á mellora da empregabilidade dos traballadores distínguense catro grandes grupos de actuacións: os destinados ao fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral, os dirixidos ao apoio a emprendedores, autoemprego e economía social, os programas integración laboral das persoas con discapacidade e finalmente, os programas de cooperación e programas mixtos de formación e emprego.

• Actuacións para o fomento da contratación por conta allea e a estabilidade laboral

O número de traballadores beneficiarios deste tipo de programas foi de 13.582 persoas (o 47,4% son mulleres), ascendendo o número de empresas beneficiarias destas axudas a 6.551.

Dentro destas actuacións salientan as destinadas a fomentar a creación de emprego e a estabilidade laboral, que afectan a 11.468 traballadores e 4.959 empresas. Ao mesmo tempo, cómpre mencionar o programa de incentivos á contratación de xente nova, do que se beneficiaron un total de 1.939 traballadores e 1.441 empresas.

• Programas de apoio a emprendedores, autoemprego e economía social

Ademais dos incentivos á contratación por conta allea, hai que salientar os programas de apoio aos emprendedores para facilitarles a creación do seu propio traballo. O número total de traballadores beneficiarios dos catro grandes programas de axudas ao autoemprego e á economía social recollidos no **cadro 2.2.9**, ascendeu en 2007 a 7.569 (3.868 homes e 3.701 mulleres).

O programa máis importante, en canto ao número de traballadores beneficiarios se refire, foi o de promoción do emprego autónomo, no que un total 7.009 desempregados que se constituíron como autónomos percibiron axudas para o inicio da súa actividade, subvencións financeiras e a axuda excepcional.

Asemade, cómpre salientar que no último ano continuou o programa de axudas á xeración de actividade no marco do proxecto europeo "Equal Compostela Social", do que se beneficiaron 37 persoas (24 mulleres).

• Programas de apoio á integración laboral das persoas con discapacidade

No último ano, 2.297 persoas con discapacidade (1.448 homes e 849 mulleres) beneficiáronse das axudas deste programa de integración laboral ao longo de 2007, ben sexa polo mantemento destes traballadores nos centros especiais de emprego (1.493 persoas), pola contratación indefinida (414 persoas), pola constitución do seu propio negocio (119 persoas) ou ben opola creación de postos de traballo en centros especiais de emprego (62 persoas con discapacidade). En 2007 consolidouse a programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional, que afectou a 10 empresas e 209 traballadores.

• Programas de cooperación e programas mixtos de formación e emprego

Estes programas fan referencia a tres grandes grupos de actuacións: o de cooperación con entidades locais; os programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro; e as escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento.

No último exercicio beneficiáronse das axudas aos programas de cooperación con entidades locais un total de 5.142 traballadores (348 persoas menos que no ano anterior) e 610 entidades (25 máis que en 2006). No eido destes programas de cooperación, des-

Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral 2006-07

	2006		2007	
	empresas	traballadores	empresas	traballadores
Fomento da contratación por conta aliea e da estabilidade laboral				
Fomento do emprego e da estabilidade laboral	4.607	9.398	6.551	13.582
Fomento da contratación indefinida de colectivos desfavorecidos	1.665	4.747	4.959	11.468
Fomento da contratación de mozos e mozas	434	746	-	-
Cconciliation da vida laboral e familiar	2.367	3.747	1.441	1.939
Contratación de traballadores en risco de exclusión social	68	71	41	43
	73	87	110	132
Apoio a emprendedores, autoemprego e economía social				
Promoción de emprego en cooperativas e sociedades laborais	344	6.529	-	7.569
Apoio ao emprego autónomo	344	639	-	7.009
Iniciativas de emprego: ILES / IER / IEBT's (1)	-	5.362	-	261
Programa de incentivos para promover a afiliación á S.S. das persoas cotitulares de explotacións agrarias	-	348	-	262
Programa de axudas á xeración da actividade no marco do proxecto europeo Equal	-	164	-	262
Compostela Social	-	16	-	37
Integración laboral das persoas con discapacidade				
Creación de centros especiais de emprego	572	2.062	560	2.297
Mantemento de centros especiais de emprego	13	62	11	62
Traballadores autónomos	102	1.490	74	1.493
Contratación indefinida de discapacitados	77	77	119	119
Unidades de apoio	373	417	346	414
	7	16	10	209
Programas de cooperación e progr. mixtos de formación e emprego				
Programas de cooperación con entidades locais	1.138	11.179	1.309	11.281
Programas de cooperación con outras administracións distintas da local,	585	5.490	610	5.142
universidades e entidades sen ánimo de lucro	426	1.384	562	1.641
Escolas obradoiro	20	848	18	683
Obradoiros de emprego	97	3.376	112	3.722
Unidades de promoción e desenvolvemento	8	81	7	93

(1) ILE, Iniciativas locais de emprego; IER, Iniciativas de emprego rural; IEBT, Iniciativas de emprego de base tecnolóxica
 Fonte: Consellería de Traballo

2.2.9.

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.**
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Real Decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego

Obxectivo

Adaptar a formación profesional para facela axeitada ás necesidades de produtividade e competitividade das empresas no novo escenario global e para potenciar a empregabilidade dos traballadores nun mundo en constante cambio.

Fins

- a) favorecer a formación dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e desenvolvemento persoal.
- b) proporcionar os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e ás necesidades empresariais.
- c) contribuír á mellora da produtividade e competitividade das empresas.
- d) mellorar a empregabilidade dos traballadores, especialmente dos que teñen maiores dificultades de mantemento de emprego ou de inserción laboral.
- e) promover que as competencias profesionais adquiridas sexan obxecto de acreditación.

Principios

- a) transparencia, calidade, eficacia e eficiencia.
- b) unidade de caixa da cota de formación profesional.
- c) unidade de mercado de traballo e a libre circulación de traballadores no desenvolvemento de accións formativas.
- d) colaboración e coordinación entre as administracións.
- e) vinculación co diálogo social e a negociación colectiva sectorial.
- f) participación dos interlocutores sociais.
- g) vinculación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.
- h) o exercicio do dereito á formación profesional para o emprego, o seu carácter gratuíto e a igualdade no acceso aos traballadores e as empresas á formación e ás axudas á mesma.

Iniciativas de formación

- a) Formación de demanda, que abrangue as distintas actuacións formativas das empresas e os permisos individuais de formación, e que responden ás necesidades específicas de formación planteadas polas empresas e os seus traballadores.
- b) Formación de oferta, que integra as distintas medidas formativas dirixidas a traballadores ocupados e desempregados co gallo de ofrecer unha formación que lles capacite para o desempeño cualificado das profesións e o acceso ao emprego.
- c) Formación en alternancia co emprego: teñen o obxectivo de contribuír á adquisicións das competencias profesionais da ocupación mediante a compatibilización entre a formación e a práctica profesional no posto de traballo.
- d) Accións de apoio e acompañamento á formación, que non son propiamente dito accións formativas senón unicamente un complemento daquelas, e que permiten mellorar a eficacia do subsistema de formación profesional para o emprego.

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

tacan as axudas á “contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social”, con 345 entidades e 4.847 traballadores desempregados, situándose a duración media dos contratos en torno aos 8 meses.

No que atinxe aos programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, ao longo do ano 2007 medrou o número de entidades beneficiadas ata as 428 (134 máis que no ano anterior), participando nos mesmos un total de 1.641 traballadores desempregados (404 máis que en 2006). As actuacións máis importantes corresponden ás relativas á “contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral ou social”, con 445 entidades e 1.293 traballadores. A duración media dos contratos ascendeu no último ano a 11,4 meses.

No concernerne ás escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento, ao longo do exercicio de 2007 beneficiáronse das súas accións formativas un total de 4.405 persoas desempregadas, 683 mozos desempregados menores de 25 anos nas 18 escolas obradoiro en funcionamento nese ano e 3.722 traballadores desempregados nos 112 obradoiros de emprego en funcionamento en 2007. No último ano puxéronse en marcha 6 novas escolas obradoiro e 61 proxectos de obradoiros de emprego, nos que participan 209 mozos desempregados e 1.980 desempregados maiores de 25 anos, respectivamente. As especialidades formativas máis frecuentes impartidas nas escolas obradoiro e obradoiros de emprego con as de “edificación e obra civil” (32,7% e 48,5%, respectivamente) e as agrarias (15,5% e 19,3%, respectivamente).

Respecto ás unidades de promoción e desenvolvemento (UPD), no último ano estiveron en funcionamento sete UPD (unha menos que no ano anterior), con 93 traballadores beneficiados (81 en 2006).

En 2007 continuou o programa de fomento de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia, que rexistrou un aumento do número de incorporacións en relación ao ano anterior. Neste ano propúxose a resolución favorable da incorporación a este programa de 51 mulleres vítimas da violencia doméstica. ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.